



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tecnoloxías para o Desenvolvemento Web

Materia	Tecnoloxías para o Desenvolvemento Web			
Código	V05M145V01309			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	5	OP	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría telemática			
Coordinador/a	Rodríguez Pérez, Miguel			
Profesorado	Rodríguez Pérez, Miguel			
Correo-e	Miguel.Rodriguez@det.uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Descrición das técnicas actuais de desenvolvemento de aplicacións Web. Durante o curso mostraranse as máis recentes técnicas para desenvolver aplicacións multiplataforma sobre HTML5.			

Competencias

Código	
A1	CB1 Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A5	CB5 Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B12	CG12 Posuír habilidades para a aprendizaxe continuada, autodirixida e autónoma.
C35	CE50/OP20 Capacidade para desplegar e administrar servidores software encargados de la lógica de aplicación de un servizo web, para diseñar e gestionar bases de datos no relacionales, e comprender a división funcional de una aplicación web actual entre a parte do cliente e a parte propia do servidor

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os alumnos serán quen de deseñar, implementar e xestionar toda a infraestrutura dun aplicativo web, dende o mesmo servidor de obxectos ata a base de datos. Ademais, deberán ser capaces de desenvolver a lóxica do aplicativo e de crear interfaces de usuario empregando tecnoloxías web que se adapten ó dispositivo empregado polo usuario.	A1 A5 B12 C35

Contidos

Tema	
Arquitectura dos aplicativos Web	
HTML5: Marcado Web en evolución permanente	Novos elementos de marcado
Aplicativos Web	Interfaces de programación A linguaxe javascript
Presentación dos contidos: CSS3	Contornos para o desenvolvemento de aplicativos: AngularJS Un novo modelo de caixas Deseño adaptable

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	0	10
Prácticas de laboratorio	8	0	8
Presentacións/exposicións	2	5	7
Traballos tutelados	5	0	5
Prácticas autónomas a través de TIC	0	95	95

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos principais conceptos tratados na materia, e descrición das tecnoloxías empregadas. Dita exposición farase, as máis das veces, a base de exemplos prácticos de uso.
Prácticas de laboratorio	Prácticas presenciais dos conceptos presentados nas sesións maxistras nas aulas de informática co apoio presencial dos profesores.
Presentacións/exposición	Presentación por parte dos discentes do traballo realizado de xeito autónomo.
Traballos tutelados	Solicitarase un proxecto de laboratorio de cerca envergadura para ser desenvolvido en grupo durante todo o curso. Este proxecto será supervisado polos profesores da asignatura en reunións semanais.
Prácticas autónomas a través de TIC	Suscitarase un proxecto de laboratorio de cerca envergadura para ser desenvolvido en grupo durante todo o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Durante as horas de titoría, os docentes realizarán unha atención personalizada, ben de xeito individual para fortalecer ou orientar ó alumno na comprensión dos conceptos teóricos explicados nas sesións maxistras ou nas sesións demostrativas de carácter práctico. Nestas horas tamén se fará o seguimento do traballo asociado ó proxecto de certa envergadura que deben realizar con outros compañeiros. Nestas titorías en grupo debateranse as solucións suscitadas polos integrantes do grupo e revisarase a participación uniforme dos mesmos no desenvolvemento final.
Traballos tutelados	Durante as horas de titoría, os docentes realizarán unha atención personalizada, ben de xeito individual para fortalecer ou orientar ó alumno na comprensión dos conceptos teóricos explicados nas sesións maxistras ou nas sesións demostrativas de carácter práctico. Nestas horas tamén se fará o seguimento do traballo asociado ó proxecto de certa envergadura que deben realizar con outros compañeiros. Nestas titorías en grupo debateranse as solucións suscitadas polos integrantes do grupo e revisarase a participación uniforme dos mesmos no desenvolvemento final.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentacións/exposicións	Os alumnos terán que expoñer nunha proba oral o traballo realizado de xeito autónomo. Da claridade desta exposición e das respostas que poida dar ás preguntas que lle formulen os profesores, depende o 20% da nota.	20	B12
Prácticas autónomas a través de TIC	O proxecto en grupo no que participa o alumno determinará a meirande parte da cualificación final. O valor da nota dependerá da corrección da solución presentada polo grupo, do informe que a acompañe, da implicación do alumno no desenvolvemento da mesma e da cantidade de tecnoloxías presentadas na materia empregadas na práctica.	80	A1 B12 C35 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

Para optar á avaliación continua, é necesario asistir ó 80% das sesións prácticas de laboratorio e realizar as entregas parciais que se indiquen do proxecto de grupo.

Cada unha das entregas será avaliada de xeito individual, sendo a nota total da práctica o resultado de ponderar o 50% da nota obtida na última entrega coa media aritmética das entregas anteriores. Tódalas notas asociadas coa realización do traballo en grupo serán compartidas por todos os membros do mesmo.

A nota final da materia será a media ponderada entre a nota da práctica (80%) e a nota da exposición do traballo (20%) que será avaliada de xeito individualizado.

Avaliación final:

Os alumnos que prefiran a avaliación final deberán indicalo ó profesor antes da data da primeira entrega parcial do proxecto de grupo. Nese caso, as súas entregas parciais non serán tidas en conta para a nota, pero si para os demais compañeiros do grupo que opten á avaliación continua. A nota final será, directamente, o 80% da nota obtida na entrega final (única) do traballo e o 20% da exposición.

Segunda convocatoria:

Na segunda convocatoria os alumnos deberán entregar de xeito individual unhas pequenas modificacións ó proxecto desenvolto ó longo do curso. No caso dos alumnos de avaliación final, esta entrega será o 80% da nota da convocatoria e o 20% restante será, de novo, unha breve exposición do traballo.

No caso dos alumnos de avaliación continua, a nota da práctica será a maior que se obteña entre a media ponderada da nova entrega (50%) e as entregas parciais (50%) ou de considerar unicamente a nova entrega. O 20% restante corresponde coa exposición do traballo.

Bibliografía. Fontes de información

HTML5: Up and Running, **Mark Pilgrim**, 1ª,

Learning AngularJS, **Ken Williamson**, 1ª,

The book of CSS3, **Peter Gasston**, 2ª,

Smashing Node.js: JavaScript Everywhere, **Guillermo Rauch**, 2ª,

<https://developer.mozilla.org/en/docs/Web>, **Web technology for developers**,

MongoDB: The Definitive Guide, **Kristina Chodorow**, 2ª,

Recomendacións
